

## PARADELA

*Anuncio*

Convocatoria en orde á selección de persoal laboral para ocupar con carácter temporal, unha (1) praza de Informador/a turístico para a atención e información ao peregrino no Camiño Francés ao seu paso polo Concello de Paradela, a xornada completa por un período de tres meses e 15 días.

Lugar e prazo de presentación de solicitudes: no Rexistro Xeral do Concello de Paradela, en horario de 9 a 14:30 horas de luns a venres, ou por calquera dos medios previstos no art. 38 da lei 30/92 de 26 de novembro. Cando as solicitudes se presenten fora do Rexistro do Concello, co fin de axilizar os trámites, deberán remitir unha comunicación por fax ao Concello (982541232) ou ao correo electrónico [concello.paradela@eidolocal.es](mailto:concello.paradela@eidolocal.es) comunicando a presentación da solicitude, co selo de Correos ou do rexistro correspondente.

O prazo de presentación será de 10 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. As bases íntegras, así como as sucesivas publicacións, terán lugar unicamente no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na súa páxina web ([www.paradela.es](http://www.paradela.es)).

Paradela, 15 de abril de 2016.- O Alcalde-Presidente, Documento asinado ao marxe electronicamente

R. 1092

## A POBRA DO BROLLÓN

*Anuncio*

Con data dezaseis de marzo de dous mil dezaseis, en sesión ordinaria celebrada pola Xunta de Goberno Local, aprobaronse as bases e a convocatoria correspondente ao proceso selectivo para a elaboración dunha bolsa de emprego de auxiliar de axuda do no fogar .

As bases da convocatoria publicaranse integramente no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e páxina web municipal <http://concelloapobradobrollon.sedelectronica.es>. no enlace <http://concelloapobradobrollon.sedelectronica.es>.

As persoas interesadas en participar nestas probas selectivas deberán facelo constar mediante una instancia dirixida ao Alcalde do Concello da Pobra do Brollón, presentaranse no Rexistro Xeral no prazo dos 20 días naturais a partir do seguinte a aquel no que apareza o anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. O modelo de instancia publicase na mesma páxina web ou pode solicitarse nas oficinas do concello.

A Pobra do Brollón, 11 de abril de 2016.-

O alcalde, José Luís Maceda Vilariño

R. 1093

## A PONTENOVA

*Anuncio*

A Corporación Municipal do Concello de A Pontenova, na súa sesión plenaria do 28 de xaneiro de 2016, coa asistencia dos once membros da corporación, acadou, entre outros, o seguinte acordo que se transcribe literalmente:

**“3.-TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA DO SR. ALCALDE-PRESIDENTE Á ADICACIÓN PARCIAL DO SEU CARGO. EXPTE 29/2016.-**

Vista a proposta de Alcaldía que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto que D. Darío Campos Conde, Alcalde-Presidente deste Concello, atopábase en réxime de adicación parcial no seu cargo, por acordo adoptado en sesión plenaria extraordinaria organizativa do 24 de xuño de 2015.

Visto o escrito de data 8 de outubro do 2015, rexistrado de entrada con número 2015-E-RC-1798, mediante o que renuncia á súa adicación parcial por tomar posesión no cargo de Presidente da Excm. Deputación Provincial de Lugo, en réxime de adicación exclusiva dende o 8 de outubro do 2015, pasando a desempregar o cargo de Alcalde-Presidente deste Concello sen adicación algunha dende a devandita data.

De conformidade co disposto nos artigos 5 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas, 75 e 22.2 q) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, propoño ao Pleno Municipal a adopción do seguinte